

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a resolución ditada pola Alcaldía en data 5 de abril de 2021 na que se modificaba temporalmente as datas de celebración da Feira de Redondela por mor das medidas preventivas específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Visto o Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Redondela, publicado no boletín oficial da provincia de Pontevedra en data 27 de xuño de 2012, que no seu artigo 5 di:

*a) O Concello establece dúas feiras localizadas e coa periodicidade que de seguido se refire:*

*- Feira de Redondela que se celebrará todos os días 6 e 21 de cada mes no Campo da Feira en Redondela delimitado polo aparcamento fronte ao Mercado de Abastos "na outra beira do río" e o estacionamento da Avda. Mendiño, marxe esquerda sentido á praia de Cesantes.*

*- Feira de Chapela que se celebrará todos os días 2 e 16 de cada mes na pista polideportiva que se atopa na rúa José Fernández López.*

*b) Fóra do recinto destinado á venda ambulante non se permitirá o exercicio da actividade, agás naqueles supostos que, de forma temporal e provisional, acorde conceder a Alcaldía ou a Concellería Delegada, que o fará en cada caso de forma discrecional.*

Vista a Orde do 21 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia en data 21 de abril de 2021, que establece no punto 3.8 para os mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública o seguinte:

*1. No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do xeito seguinte:*

*a) Nos mercados con menos de 150 postos autorizados, poderán dispoñer do 100% dos postos habitais ou autorizados.*

Tendo en conta que o Concello de Redondela conta con menos de 150 postos autorizados, e de acordo co anexo II da orde referida no parágrafo anterior no que se indica que o Concello de Redondela se atopa nunha situación de nivel de restrición media baixa e coa finalidade de garantir os principios de necesidade e proporcionalidade, esta Alcaldía





## RESOLVE

Primeiro.- Deixar sen efecto a modificación temporal das datas de celebración da Feira de Redondela fixadas na resolución da Alcaldía de data 5 de abril de 2021 como consecuencia do nivel de restrición media baixa na que se atopa o Concello de Redondela, de acordo coa Orde do 21 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Fixar as datas de celebración da Feira de Redondela os días 6 e 21 de cada mes de acordo co establecido no artigo 5 do Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Redondela, publicado no boletín oficial da provincia de Pontevedra en data 27 de xuño de 2021.

Terceiro.- Dar publicidade da presente resolución a través da sede electrónica municipal e comunicar aos servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

